



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se declara vacante unha (1) praza da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de POLIQUETOS no permiso de explotación de embarcación ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico poliquetos, modalidade a pé e mergullo con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de pescadores da Coruña e Caión

Antecedentes

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027. (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso específico poliquetos (PE410A 2024/61-1), modalidade a pé e mergullo con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de Pescadores da Coruña e Caión estableceuse un número máximo de catro (4) embarcacións con oito (8) persoas mergulladoras habilitadas con dereito a cota para o trienio 2025-2027 e un número máximo de dúas (2) habilitacións/embarcación. O reparto de participantes por confraría establece que todas as embarcacións correspóndenlle á Confraría de pescadores da Coruña.

Logo da renuncia da única embarcación participante no plan de xestión que dispoñía da modalidade de poliquetos no seu permiso de explotación, ningunha embarcación dispoñía da dita modalidade no permiso de explotación.

2. O 18.03.2026 esta dirección territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para outorgar a modalidade de poliquetos a catro (4) embarcacións para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión para o recurso específico poliquetos, no ámbito das confrarías de pescadores da Coruña e Caión. O outorgamento faríase con dúas (2) cotas de captura por embarcación ao obxecto de establecer tripulacións mínimas de seguridade

4. O 27.04.2026 esta dirección territorial ditou a resolución pola que se outorgou a posibilidade para optar á modalidade do recurso específico poliquetos ás tres (3) embarcacións admitidas no proceso selectivo. Logo de que as ditas embarcacións achegaran a documentación solicitada, este departamento territorial outorgoulles a modalidade de poliquetos no seu permiso de explotación.





Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
2. A resolución do 18.03.2026 desta dirección territorial convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de poliquetos a catro (4) embarcacións con dúas (2) habilitacións por embarcación. Este proceso rematou coa asignación da modalidade ás tres (3) embarcacións admitidas no proceso.
3. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Declarar vacante unha (1) praza para a obtención da modalidade de POLIQUETOS no permiso de explotación de embarcación con dúas (2) cotas de captura por embarcación no Plan de xestión para o recurso específico poliquetos, modalidade a pé e mergullo con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de pescadores da Coruña e Caión.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das confrarías da Coruña e Caión.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución notifícasele á confraría de pescadores da Coruña, como entidade representante do plan de xestión, así como á confraría de pescadores de Caión como entidade integrante do plan de xestión conxunto, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada
(asinado dixitalmente)

